



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Cebro Barreiro, Sabela
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
González Santamaría, Pedro
Martínez Martín, M^a José
Pena Uris, Gloria M.
Zas Varela, Mónica

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA
Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 21 de outubro de dous mil catorce, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda nas salas de videoconferencia dos campus de Ourense e Vigo.

O día **21 de outubro de 2014** ás 10:30 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 25 de setembro de 2014
2. Aprobación, se procede, do calendario de eleccións de representantes de estudantes, PDI e PAS nos consellos de departamento.
3. Aprobación, se procede, do número de representantes por sectores.
4. Asuntos varios.
5. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 25 de setembro de 2014.

O presidente, tras indicar que non se recibiu ningunha alegación á acta, pregunta aos presentes se desexan facer algunha nesta sesión.

Non se realizan alegacións. Apróbase por asentimento.

Punto 2. Aprobación, se procede, do calendario de eleccións de representantes de estudantes, PDI e PAS nos consello de departamento.

O presidente da Comisión presenta a proposta de calendario electoral que se achegou coa convocatoria, indicando que se axusta aos prazos normativos para cada unha das etapas do proceso; destacando a xornada das votacións, o 10 de decembro, e a proclamación definitiva de resultados, o 19 de decembro.

Non se presentan alegacións. Apróbase por asentimento.

Punto 3. Aprobación, se procede, do número de representantes por sectores.

Realiza o presidente a presentación da táboa que figura na documentación remitida coa convocatoria da xuntanza da Comisión Electoral. Indica que as porcentaxes son as recollidas no artigo 45 dos Estatutos.

Os datos relativos ao número de doutores foron solicitados aos departamentos, e unha vez elaborada a táboa pola Secretaría Xeral foi remitida a todos os departamentos, dándolles un prazo para a súa revisión.

Feitas as modificacións oportunas, preséntase á Comisión Electoral para a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Asuntos varios.

O presidente fai a presentación dunha proposta de calendario para as reunións da Comisión Electoral; correspondentes ás distintas etapas do procedemento de elección de representantes nos consellos de departamento, que vén de ser aprobado no punto 2 da presente xuntanza. Esta proposta non se puido achegar xunto ao resto da documentación coa convocatoria, polo que se achega en papel aos presentes na xuntanza de hoxe, e se fará chegar por correo electrónico a tódolos membros da Comisión Electoral.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Rolda libre de intervencións.

Intervén Dna. Paula Estévez Caride para preguntar se no caso de non poder asistir ás votacións se admite o voto delegado.

Responde o presidente que, segundo o art. 27 dos Estatutos da Universidade de Vigo, non se admite a delegación de voto nin o voto por correo nas eleccións de ningún dos órganos colexiados.

Pregunta Dna. Mónica Varela Zas, respecto das eleccións aos consellos de departamento, que se nun dos sectores houbera menos candidatos que prazas a ocupar, se habería unha proclamación provisional antes que nos outros sectores.

Responde o presidente indicando que non: a proclamación provisional de candidatos realízase conxuntamente na data prevista. Iso si, no sería necesario realizar eleccións.

Informa a secretaria xeral que se solicitou dos servizos da sala de videoconferencia a gravación da mesma. Pregunta se pode conservarse a gravación, xa que facilita a realización das actas. Se hai alguén que desexe que non se manteña, procederase ao seu borrado. O presidente descúlpase

por non ter anunciado a gravación ao principio da sesión, pero xa vén sendo habitual gravar estas xuntanzas. Ao non haber ninguén que se opoña, acórdase manter a gravación.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:10 h do día 21 de outubro de 2014 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M^a Pena Uris